

Por Pepe Salvadores

# OUTONO

Com os follas, madurecen os froitos. É o outono

Queremos crer que a nova lei de caza contribúa á conservación da nosa fauna.

Alguns xa poden facer uso da súa licenzia para matar -digo cazar- corvos, xabaríns,...

Os superviventes das camadas de lobos deixáranse sentir. A súa sombra pasará polos campos sementando odios e vinganzas (lícitos, porque non se compensarán os danos que poidan causar).

Braman os cervos. Non se escitarán en Corvo nin en Cervantes, pero si, quizais, no arco de Internadeiro.

Con sorte, pode que o foción do oso se amose polos Ancáres.

Agardamos volver a ver o avetouro nas pozas (mellor sen entullo) da enseada do Umia.

Mentres non haxa recheo, poderemos gozar, especialmente no solpor, da volta de garzas e garzotas ó esteiro da Malata.

Con todo, é obrigado disfrutar do outono: os froitos, o viño novo, os cogumelos, as brétemas, os prados vixosos, os regos cheos, a chegada das aves, as múltiples e variadas cores,...

Bo momento para ver xinetas nas estradas (aunque en lamentable estado. Recoñécese polo rabo: queda intacto).

